



SAL. 007197 13.08.15 09:07

O Consello de Goberno da USC, na súa reunión do 14 de marzo de 2008, aprobou a *Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para Titulacións adaptadas ao Espazo Superior*. No artigo 4 desta Normativa, denominado Sistema de Recoñecemento, indicase que os centros poderán establecer táboas de equivalencia entre estudos cursados noutras universidades e os estudos da USC, así como entre titulacións da anterior ordenación universitaria e as da actual ordenación; estas táboas aprobaranse por Resolución Reitoral e faranse públicas para coñecemento xeral.

Así mesmo, o Consello de Goberno, na súa sesión do 21 de febreiro de 2014, aprobou o *Protocolo de recoñecementos*, no que se encarga ao Servizo de Xestión da Oferta e Planificación Académica da revisión e preparación das táboas de recoñecemento para a súa difusión entre os interesados.

En virtude do anterior, unha vez recibidas as propostas de táboas de recoñecemento de diversos centros e revisadas polo Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, esta Reitoría

RESOLVE,

Aprobar as táboas de recoñecementos que figuran no Anexo e ordenar a súa publicación.

Esta resolución terá efectos desde a súa publicación no Taboleiro Electrónico da USC.

En Santiago de Compostela, o 31 de xullo de 2015

O Reitor

Juan Manuel Viaño Rey

Sr. Vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa, Sra. Secretaria Xeral, Sr. Secretario Xeral Adxunto, Sras/Sres Decanos/as e Directores/as de centros universitarios, Sras/Sres Responsables das Unidades de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos

## ANEXO

### Titulacións Fac. De Administración e Dirección de Empresas (Campus de Lugo)

- Grao en Administración e Dirección de Empresas (L/S)-Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas (L)
- Licenciatura/Grao en Economía (S)- Grao en Administración e Dirección de Empresas (L)
- Graos en Administración e Dirección de Empresas (UDC, UVIGO) e outros- Grao en Administración e Dirección de Empresas (L)

### Titulacións da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Campus Norte)

- Grao en Administración e Dirección de Empresas (L/S)-Grao en Economía (S)
- Licenciatura / Grao en Economía (S)- Grao en Administración e Dirección de Empresas (S)
- Graos en Administración e Dirección de Empresas (UDC, UVIGO) e outros - Grao en Administración e Dirección de Empresas (S)

### Titulacións Fac. De Ciencias (Campus de Lugo)

- Enxeñaría Química (USC) e Enx. Técnica Industrial (U. Oviedo) – Grao Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
- Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (USC) – Grao en Nutrición Humana e Dietética

### Titulacións da Facultade de Ciencias da Comunicación (Campus Norte)

- Grao en Comunicación Audiovisual – Grao en Xornalismo
- Grao en Xornalismo – Grao en Comunicación Audiovisual

### Titulacións da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais (Campus Vida)

- Grao en Socioloxía (UDC) – Grao en Ciencia Política e da Administración (USC)

### Titulacións da Facultade de Filoloxía (Campus Norte)

- Táboas de recoñecementos entre graos en linguas e literaturas da USC
- Táboas de recoñecementos entre titulacións de linguas da UDC e da UVIGO con graos en linguas e literaturas da USC

### Titulacións da Escola Politécnica Superior (Campus de Lugo)

- Grao en Enxeñaría Agrícola e do Medio Rural e Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria
- Grao en Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias e Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria

